

# Plan de coeducación



## IES JOHAN CARBALLEIRA

*Así falou Penélope:*

*Existe a maxia e pode ser de todas. A que tanto nobelo e tanta historia?*

*Eu tamén navegar*

Xohana Torres

# ÍNDICE

- 1- INTRODUCCIÓN
- 2- CONTEXTO DE CENTRO
- 3- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO
- 4- XUSTIFICACIÓN
- 5- MARCO LEXISLATIVO
- 6- OBXECTIVOS
- 7- INDICADORES DE LOGRO
- 8- PROXECTOS E ACCIÓNS COEDUCATIVAS NO CENTRO
- 9- CRITERIOS COEDUCTIVOS NA SELECCIÓN DE LIBROS
- 10- RECURSOS
- 11- METODOLOXÍA
- 12- TEMPORALIZACIÓN
- 13- AVALIACIÓN
- 14- CONCLUSIONES
- 15- GLOSARIO E ANEXOS

# 1- INTRODUCCIÓN

Pasaron máis de 15 anos desde que as leis educativas contemplan, como un dos fins da educación, o de resaltar o pleno desenvolvemento das capacidades afectivas do alumnado, e tamén o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades que permitan superar os comportamentos sexistas.

Esta igualdade formal non se aplica na realidade da aula. Un día tras outro lemos, ou escoitamos en primeira persoa relatos de discriminación, actitudes machistas, violencia contra o colectivo LGBT, perpetuación dos roles asociados ao xénero, etc. O que temos claro as docentes que traballamos cara a obtermos unha igualdade real, é que de nada serve facer unha lei que na teoría é bondadosa coa igualdade e a diversidade, pero que na práctica non transcende á aula.

A igualdade de oportunidades e de responsabilidades é un dereito de todas as persoas, polo que educar as diferentes xeracións para chegar a acadala, tamén é un deber das e dos docentes. E o camiño vai ser o da coeducación, o único xeito de previr, desde idades temperás, as discriminacións derivadas das desigualdades entre homes e mulleres.

Sabemos que conseguirmos un centro coeducativo é un labor arduo, xa que esixe cambios a nivel de organización, das metodoloxías empregadas e no tratamento dos contidos curriculares, pero de facermos ben este traballo, aseguraremos un cambio de perspectiva na visión do noso alumnado, para construírmos un mundo máis xusto e igualitario. Por isto debemos facer unha aposta decidida pola coeducación como fórmula para superar as desigualdades por razón de xénero, orientación ou identidade.

Tomemos entón como primeiro paso neste camiño o de elaborar o plan de coeducación de centro, entendendo que para acadar sociedade inclusiva, o escenario educativo é imprescindible. Un ensino integral e empático é a base dunha sociedade desexable. O noso labor como educadoras debe constituír un

eixo vertebrador para conseguirmos unha igualdade real, desde a aula, aplicable á vida. Seguiremos pois dando pasos para que todas as violencias, sen importaren as orixes, fiquen mudas no pasado.

## 2-CONTEXTO DE CENTRO

O IES Johan Carballeira, inaugurado no 1990 como " IES de Bueu", nace en principio como instituto de secundaria e formación profesional, e para satisfacer a demanda educativa e o número de alumnado, sofre tres ampliacións importantes até chegar á súa estrutura actual.

Situado na vila de Bueu, cunha economía fundamentalmente ligada ao mar e ao sector primario, e segundo datos actuais con 13.000 habitantes, o instituto é un reflexo da vila: familias moi ligadas aos traballos no mar e aos sectores primarios.

O centro conta actualmente cunha oferta educativa que inclúe quendas de diúrno e nocturno para as ensinanzas de ESO e Bacharelato, e ademais oferta até 9 ciclos formativos, das familias de Peiteado e Estética, Fabricación Mecánica e Administración e Finanzas, tanto de formación profesional básica, como media e superior.

Grazas a esta ampla oferta formativa, tanto o alumnado como o profesorado do centro presenta unha ampla diversidade, á que desde o equipo de Igualdade e Diversidade pretendemos abarcar na súa totalidade.

Para isto, para avanzar en dereitos sociais e ampliar o espazo da Igualdade no centro, temos que saber de que punto estamos partindo, e a que alumnado ten que ir dirixida cada acción. E de novo, sen esquecernos do profesorado, o persoal non docente do centro e as familias.

Para termos datos que reflectisen as situacións das que partiamos para elaborar este Plan de Coeducación, fixemos unha enquisa ao alumnado para entender un pouco máis as súas situacións familiares en canto á Igualdade.

Unha vez recollidos estes datos, resumimos algúns puntos que reflecten esta realidade:

- Máis dun 70% do alumnado recoñece que as tarefas non están equilibradas no seu fogar, se non que son as mulleres as que cargan con este traballo

- Un 30% do alumnado non sabe definir o movemento feminista ou non se considera feminista
- Máis dun 60% do alumnado non recoñece certas violencias machistas cando se lle presentan.
- O 83% do alumnado do centro recoñece ter presenciado ou sufrido das discriminacións por razón de xénero, orientación e identidade.

Unha vez coñecida e recoñecida esta situación, seremos capaces de programar actividades que dean pasos para avanzar no feminismo.

## 3-ANÁLISE E DIAGNÓSTICO

Unha análise coeducativa sobre o noso centro suporá un paso moi importante para comezar a percorrer o camiño. Permitirá elaborar o diagnóstico, coas fortalezas e as debilidades do instituto en materia de igualdade, ademais de facer visible a toda a comunidade educativa a necesidade de acometer cambios.

Neste senso, partimos de tres niveis: básico, intermedio e avanzado. O noso centro tería superado o nivel básico, xa que cumpre cos indicadores para o mesmo:

- Uso dunha linguaxe non sexista a nivel escrito en boletíns, comunicación coas familias, notas, avisos, actas dos claustros e das CCPs, letreiros, etc.
- Realización de actividades o 8 de marzo e o 25 de novembro, e aplicación da perspectiva de xénero noutras celebracións, como o Día do Libro, Día da Paz, Día da Ciencia...

Estaríamos entón no segundo nivel, o intermedio, con certos indicadores de logro xa adquiridos e outros en vías de adquisición. Os indicadores adquiridos serían os seguintes:

- Existen actividades relacionadas coa igualdade en cada nivel
- Fanse talleres sobre a prevención das violencias machistas
- O sexo dominante das persoas que participan na oferta de formación permanente son mulleres.
- Hai presenza maioritaria de mulleres no equipo directivo. Hai apoio do equipo nas actividades relacionadas coa igualdade
- Hai un coordinador do Proxecto de Igualdade e diversidade.

- Realízanse actividades por docentes de xeito individual e grupal, asociadas a departamentos concretos

Os que estarían en vías de adquisición ou non adquiridos serían:

- Linguaxe inclusiva nos documentos oficiais do centro (PXA, PEC, PAT, PROGRAMACIÓNS)
- Contémplase a educación en igualdade como obxectivo no PEC. Está ben concretada
- As docentes non fan uso dunha linguaxe inclusiva
- Falta unha análise dos itinerarios do alumnado
- Non se presentan datos desagregados por sexo en resultados académicos e de convivencia
- Uso de unidades didácticas específicas nas programacións de aula de cada materia
- Non existe unha imaxe coeducativa na web do centro (en canto á linguaxe, difusión de actividades, seccións específicas ou logos)

Uns dos obxectivos que marcaremos dentro deste plan de coeducación será o de adquirir todos os indicadores de logro do nivel intermedio e comezar a adquirir os do nivel avanzado, como por exemplo:

- Uso dunha linguaxe inclusiva escrita e oral, tanto do persoal docente como non docente.
- Análise dos espazos: patio (uso e ocupación de alumnas e alumnos) aulas (como están colocados, como se sentan), pavillón ou talleres, espazos de ocio como a cafetería.

Para facermos un diagnóstico do centro, elaboramos enquisas para os diferentes sectores da comunidade educativa, comezando polo alumnado. Outro dos obxectivos a medio-longo prazo será realizar enquisas ao profesorado, persoal non docente e familias. Os resultados desta enquisa ofrecerá información relevante que axudará no camiño da coeducación. Este diagnóstico é imprescindible para poder marcar os obxectivos do noso plan.

Esta enquisa, recollida no Anexo como Documento 1, faise na última semana do 2019, coa colaboración do profesorado do centro. Esta enquisa foi elaborada por unha persoa do equipo de Igualdade e Diversidade do centro, co seguimento e aprobación do resto do equipo.

Algúns datos importantes reflectidos nesta enquisa xa se comentaron en puntos anteriores, e preténdese facer un informe tanto desta enquisa como dunha enquisa final que se entregará ao alumnado a finais de curso, sempre que a situación actual o permita.

## 2- XUSTIFICACIÓN

Unha vez feito o diagnóstico do centro, cremos suficientemente xustificada a realización dun plan de coeducación, así como a supervisión do mesmo e o compromiso de mellora continua. Entendemos que é un paso fundamental para loitar contra as discriminacións por razón de xénero, orientación ou diversidade.

Presentamos este plan de coeducación como un documento-guía que ten como obxectivo levar a igualdade ao centro dun xeito regular e coordinado para previr as violencias machistas. Polo tanto, este plan inclúe as diferentes accións coeducativas que se queren realizar a curto-medio prazo. Como calquera plan educativo, debe revisarse anualmente e estar suxeito a posibles modificacións.

Desde o equipo de Igualdade e Diversidade do centro, reafirmamos o compromiso férreo de revisar tanto os contidos como as metodoloxías para asegurar unha escola con miras ao futuro. A un futuro lila, entendendo que negar a diversidade produce dor e inxustiza social. Acreditando que os centros de ensino non son as programacións, nin sequera os plans e proxectos como este, se non as persoas que os fan posibles. Sabendo que non é un compromiso feble, se non unha alta responsabilidade do equipo ao completo, estando certas de sermos privilexiadas ao ocupar os espazos máis importantes para a transformación da sociedade: as escolas. Trallemos pois por crear espazos de liberdade, igualdade e sororidade.

En puntos posteriores do documento están detallados os prazos desta necesaria e continua revisión.

## 3- MARCO LEGISLATIVO

### ÁMBITO ESTATAL:

- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

### ÁMBITO AUTONÓMICO:

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de LGBTI de Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro. Capítulo IV: a educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo de educación secundaria e bacharelato
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (2016)
- Protocolo Educonvives de Identidade de xénero (2016)

### ÁMBITO LOCAL:

- Plan de igualdade intercentros Concello de Bueu (2019-2022)
- Protocolo de acción en casos de violencia de xénero no ámbito educativo (en proceso de elaboración. Fase de borrador)



## 4- OBXECTIVOS

Os principais obxectivos xerais ao redor dos cales imos traballar serán os seguintes:

- Integrar no currículo a educación en emocións, como parte fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado.
- Proporcionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia...
- Traballar na resolución pacífica dos conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais
- Visibilización no currículo das mulleres en todas as áreas do coñecemento
- Organización do centro de xeito igualitario
- Uso dunha linguaxe inclusiva na comunicación oral e escrita de toda a comunidade educativa
- Acceso das mulleres a todos os espazos do centro
- Profesorado como modelo coeducador, tanto por formación como por actitude
- Promoción da diversidade e a xustiza desde o respecto a aquilo que é diferente.

Concretando un nivel máis, faremos tamén obxectivos específicos:

- Abolir no centro calquera tipo de discriminación por razón de xénero, orientación e identidade, así como fomentar a resolución pacífica deste conflitos cando se presenten
- Crear no centro espazos visibles e seguros, normalizando a presenza das persoas non heteronormativas.
- Implantar as materias relacionadas co feminismo, decretadas curricularmente no D86/2015
- Incidir na formación continua de todo o profesorado para sermos unha canle co alumnado

Para traballarmos nestes obxectivos, usaremos catro eixos de reflexión para desenvolver a coeducación

- Identificación de desigualdades, para coñecer os privilexios e carencias e poder intervir
- Coeducación e proxectos vitais igualitarios, onde os suxeitos sexan ,mulleres e homes libres
- Romper o silencio sobre a masculinidade e a violencia, frecuente no ámbito escolar

- Identidades igualitarias diversas, que sumen novos modelos de diversidade sexual e familiar

## 5- INDICADORES DE LOGRO

Partindo dos obxectivos xerais e específicos establecidos, e coa idea de avaliar a súa consecución, establecemos os seguintes indicadores de logro, marcados con determinados horizontes temporais, avaliándose como mínimo cada ano.

Os indicadores de logro avaliaranse por medio dunha rúbrica, ao respecto da enquisa final do alumnado, que se realizará nas últimas semanas de curso. Con esta enquisa preténdese calibrar a modificación de ideas con respecto á avaliación da enquisa inicial.

Esta enquisa, recollida no Anexo como documento completo, farase ao igual que a inicial coa colaboración do profesorado do centro. Esta enquisa foi elaborada tamén por unha persoa do equipo de Igualdade e Diversidade do centro, co seguimento e aprobación do resto do equipo. De non poder pasarse de xeito presencial ao alumnado por estarmos a vivir unha situación excepcional a causa da crise do CoVid-19, a enquisa adiarase, modificada, para principios do vindeiro curso.

Tanto a enquisa inicial ao alumnado, como a final están recollidas no Anexo do presente plan.

A rúbrica onde se recollerán ao finalizar o curso ou ben a comezos do 20/21 recolle o grao de adquisición dos obxectivos xerais dispostos no apartado anterior, entendendo que queda aberta para integrar ou modificar outros máis específicos se obtemos datos suficientes como para cuantificalos. É a seguinte:

OBXECTIVOS E GRAO DE CONSECUCIÓN				
OBXECTIVO	Completamente adquirido	Moi adquirido	En adquisición	Non adquirido
Integrar no currículo a educación en emocións, como parte				

fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado.				
Proporcionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia...				
Traballar na resolución pacífica dos conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais				
Visibilización no currículo das mulleres en todas as áreas do coñecemento				
Organización do centro de xeito igualitario				
Uso dunha linguaxe inclusiva na comunicación oral e escrita de toda a comunidade educativa				
Acceso das mulleres a todos os espazos do centro				
Profesorado como modelo coeducador, tanto por				

formación como por actitude				
Promoción da diversidade e a xustiza desde o respecto a aquilo que é diferente				

## 8-PROXECTOS E ACCIÓNS NO CENTRO

Á espera de implantar no vindeiro curso as materias relacionadas coa igualdade, segundo o decreto 86/2015, quedarán as actividades relativas á coeducación baixo a responsabilidade de acción do equipo de Igualdade e Diversidade, así como de cada Departamento con accións concretas, desde a transversalidade e interseccionalidade de cada materia.

Así, tanto neste apartado como no seguinte recolleranse as actividades realizadas até o 13 de marzo do 2020, data na que rematan as clases debido á crise do CoVid-19, e agardando que se poidan retomar con normalidade as accións preparadas para o vindeiro curso.

Por decisión unánime do equipo de Igualdade e Diversidade, acordouse realizar tres plans de acción diferentes para separar as actividades, segundo fosen dirixidas ao alumnado, ao profesorado ou as familias. No Anexo están recollidos unha serie de documentos gráficos sobre as actividades que se detallan a continuación.

Neste punto é necesario resaltar as acción dirixidas á Diversidade, coa creación dun Grupo de Apoio entre iguais de alumnado LGBT, que ademais de participar en todas as actividades propostas a nivel centro, tamén contan con actividades deseñadas para elas, xa que entendemos que precisan dunha atención e formación específica. Unha das actividades que se está levando a cabo é a da creación dun vídeo contra as discriminacións que moitas veces sofre este colectivo polo feito de non se adaptaren á moitas veces imposta heteronormatividade Este vídeo, que ten por título "Aprende, Entende, Únete", está parado agora mesmo pola situación extraordinaria que estamos a vivir. Outras actividades que se viñeron facendo este curso están recollidas no punto seguinte.

## **ACTIVIDADES ORGANIZADAS DESDE O EQUIPO DE IGUALDADE E DIVERSIDADE DO CENTRO:**

### **PARA AS FAMILIAS:**

Deseñamos unha proposta educativa seguindo a convocatoria da Xunta de Galicia, seguindo a *Resolución do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiada en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020*

Así, as actividades propostas desde este centro son as seguintes:

**ACTIVIDADE 1: OBRADOIRO DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL.** (Tipoloxía do Artigo 5 da convocatoria: c) e 5 f));

CONTIDO:

“Reconstrúome con lego”: visualización como persoas libres e igualitarias.

“Nunca cegueiras para sempre”: afondamento nos indicadores de desigualdade entre homes e mulleres.

“Prim-Time”: estereotipos nas condutas sexo-afectivas. Igualdade desde os dereitos e os deberes.

“Queer me libre”: reflexión crítica, construtiva e igualitaria das novas masculinidades.

METODOLOXÍA: catro actividades con catro horas de docencia en cada sesión en forma de obradoiro participativo, discusión e traballo grupal.

IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES: SOGASEX, asociación galega de sexoloxía. Avalar a calidade técnica do proxecto dende un punto de vista afectivo sexual e contar co asesoramento puntual no desenvolvemento do proxecto no caso de ser preciso.

ASEIA, no envío dun vídeo saúdo personalizado ao alumnado participante por parte do equipo de actores adolescentes que realizan o programa S.E.X na plataforma Instagram.

**ACTIVIDADE 2: CHARLAS SOBRE NOVAS MASCULINIDADES** (Tipoloxía do Artigo 5 do convocatoria: e)

Obradoiro 1. Proceso formativo en novas masculinidades

CONTIDO: Conceptos básicos sobre igualdade de xénero. Socialización e identidades de xénero. Detección de situacións de desigualdade. Axentes de socialización que na postmodernidade contribúen a crear identidades de xénero. A construción específica das masculinidades: como nos facemos homes. Patoloxías das masculinidades hexemónicas. A construción do patriarcado e os elementos culturais das masculinidades hexemónicas.

Obradoiro 2. Por que falamos de violencia de xénero e novas masculinidades?

CONTIDO: Violencia de xénero e cultura machista. Aspectos legais da violencia de xénero. Xénero masculino e as súas esixencias sociais. Promoción das emocións nos homes. Solucións á violencia dende a construción de novas masculinidades.

METODOLOXÍA DOS OBRADOIROS: Obradoiro 1: Formación en dúas xornadas de 2 horas cada unha, cun total de 4 horas. Obradoiro 2: Formación nunha xornada de 2 horas. Formato charla-coloquio

IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES: CIM de Bueu na redacción de materiais visuais (infografías ou material para as aulas con orzamento de 200 euros) sobre a temática e colaboración coas III Xornadas sobre Diversidade Sexual.

**ACTIVIDADE 3: PODCAST SOBRE IGUALDADE:** (Tipoloxía do Artigo 5 da convocatoria: b)

CONTIDO:

Elaboración por parte do alumnado e das familias dun podcast conxunto e propio sobre igualdade, onde as pequenas pezas radiofónicas serán gravadas e editadas integramente polo alumnado. A idea de traballar con *podcast* xustifícase por ser un formato versátil e que goza nos últimos anos dun pulo nas redes con diferentes plataformas de escoita. Son contidos desta actuación os seguintes: Introducción á comunicación para o cambio social. Comunicar en igualdade: como introducir a perspectiva de xénero nas nosas producións. A linguaxe radiofónica. Escaleta do noso programa de radio. Producción e guión. Gravación de pezas sonoras (esta sesión está aberta á participación das familias). Edición e publicación.

METODOLOXÍA: Charla introdutoria e distribución do traballo en grupos heteroxéneos no que o emprego de ferramentas dixitais (*podcasting*) con finalidade social supoñen o elemento central da actividade. A creatividade, as aprendizaxes colaborativas e a análise crítica de medios son competencias do currículo educativo.

**ACTIVIDADE 4: CHARLAS PARA FAMILIAS.** (Tipoloxía do Artigo 5 da convocatoria: a)

CONTIDO:

CHARLA 1. QUÉROTE +: Educación Afectivo Sexual: A orientación do desexo e identidade sexual. Imaxe corporal e autoestima. Convivencia e relacións sociais. Uso seguro e responsable no mundo virtual. Prevención do consumo de substancias e condutas adictivas.

IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES: Centro Quérote+ da Xunta de Galicia, na formación das familias e asesoramento técnico.

CHARLA 2. Claves para educar en igualdade

Os modelos familiares. O papel da familia como axente socializador na transmisión de roles e estereotipos de xénero. Identidade sexual e de xénero. A importancia de educar en igualdade. Habilidades comunicativas desde a perspectiva de Xénero. Reparto de tarefas no fogar.

METODOLOXÍA COMÚN: Partindo da exposición oral, trátase de crear un espazo de reflexión no que compartir inquedanzas, dúbidas e dificultades co obxectivo de construír pautas educativas para o acompañamento dos seus fillos e fillas.

**ACTIVIDADE 5: TEATRO FEMINISTA** (Tipoloxía do Artigo 5 da convocatoria: f)

CONTIDO: A invisibilidade das mulleres na ciencia. As mulleres na Historia.

METODOLOXÍA: Obra de teatro sobre a vida de Rosalind Franklin

IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES: Concello de Bueu, cesión do espazo e colaboración na organización.

### **PARA O ALUMNADO:**

- **25N:** A proposta do CIM, acudirase ao Centro Social do Mar para ver un documental feito con mulleres da vila. Inscribímosnos no programa "En negro contra a violencia", no que voluntariamente descargaremos os materiais para imprimir nas aulas (Chapas, letreiros, etc) Promoverase que o alumnado veña ese día en negro. Queda pendente a decisión sobre imprimir camisetas. Desde o departamento de educación Plástica están traballando con carteis. Farase un concurso e chapas coa imaxe gañadora.
- **Dramatización:** Chamarase a un grupo de teatro-acción ou teatro do oprimido para que forme ao grupo de teatro do IES e realizar unhas escenas para o centro. Temporalización: segundo trimestre
- **Obradoiro:** obradoiro de teatro sobre as mulleres do século de ouro. Destinatarios: FPBásica.
- **Realización de vídeos contra os estereotipos na moda e no munda da beleza.** Destinatarios: CM Estética.

- **Realización dun xornal sobre igualdade.** Posibilidades de incluír na iniciativa un comic sobre igualdade.
- **Obradoiro audiovisual (segunda sesión)** alumnado LGTB
- **Charla A realidade Trans con Cristina Palacios** .1º FPB (so peiteado) e 2º ESO Horario: 11:55 a 13:35
- **Obradoiro de Autoestima a cargo do CIM** 1º CM Estética
- **Charla sobre Diversidade Sexual con Ana Ojea** .Toda a ESO, todo 1º Bach e 1º de FPB Horario:
- **Charla de educación afectivo-sexual** :Noa Tilve. Centro Quérote + Horario: 9:40-11:20
- **Conversa co Grupo LGTB** :Noa Tilve. Centro Quérote + Horario: 11:20-11:55
- **Obradoiro de escrita feminista con 3º ESO e Xantar coa escritora MIRIAN BEIZANA por parte do grupo LGTB** : 3º ESO e grupo LGTB
- **A realidade Trans con Cristina Palacios.** 3º FPB e 2º ESO
- **A Diversidade Sexual con Ana Ojea.** ESO, 1º Bach e 1º FPB:
- **CAMPAÑA 8M:** Batukada feminista a cargo de Sabela. 2º FPB. Diversas exposicións e actividades detalladas polo departamento correspondente.
- **Vídeo contra a discriminación cara ao colectivo LGBT.**

### ***PARA O PROFESORADO:***

- Formación con Jorge García Marín. Dúas charlas sobre os estereotipos de xénero.
- Formación con Carme Moure. Obradoiro sobre a Coeducación
- Formación con Marián Moreno. ADIADA
- Formación con Ana Ojea. AIDADA

### ***ACTIVIDADES ORGANIZADAS DESDE OS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DO CENTRO:***

#### **DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:**

PROXECTO DE MULLERES CIENTÍFICAS E A MAXIA

PROXECTO DE XEOMETRIA FEMINISTA

EXPOSICIÓN DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA

TEATRO FEMINISTA



## **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA**

POSTAIS PARA A IGUALDADE

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ**

XORNAL FEMINISTA

8M EXPOSICIÓN DAS MULLERES

14F: DÍA DA POESÍA NON ROMÁNTICA

## **DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

PARTICIPACIÓN NO 3º CONCURSO DE CÓMICS DO IFCA POLO DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

## **DEPARTAMENTO DE ESTÉTICA**

PUBLICIDADE NON SEXISTA

# 9. Criterios coeducativos na Biblioteca

As accións coeducativas desde a biblioteca faranse tamén desde tres eixos diferentes: o primeiro, coa selección de libros coeducativos, coa montaxe de espazos diferenciados para libros feministas e libros sobre a diversidade; a segunda, desde o Club de Lectura Feminista, coa lectura e reflexión de temáticas actuais no referente ás mulleres; e o terceiro desde diferentes actividades coordinadas desde a propia biblioteca.

Bibliografía: aínda como tarefa pendente, preténdese elaborar unha listaxe de todos os libros con temática feminista. Este curso, aproveitando diversas partidas orzamentarias, decidimos ampliar os exemplares que traballen a igualdade, coas seguintes adquisicións:

Listaxe de libros para o curso 19/20:

*Para o alumnado (LINGUA CASTELÁ)*

NADA QUE ESCONDER	Anna Boluda Gisbert
LLÁMAME PAULA	Concepción Rodríguez
SOY JAZZ	Jessica Herthel
TESTIGOS DE LA VERDAD	Aarón Fontán
LA EDAD DE LA IRA	Nando López
ARISTÓTELES Y DANTE DESCUBREN LOS SECRETOS DEL UNIVERSO	Benjamin Alire
AZUL ES UN COLOR CÁLIDO	Julie Maroh
PIRUETAS	Tillie Walden
EL VIOLETA	M. Coches, J. Sepúlveda y A. Mercero
JIM EN EL ESPEJO	Inger Edelfedt
PAULA TIENE DOS MAMÁS	Leslea Newman
ANNIE EN MIS PENSAMIENTOS	Nancy Garden
MUJERES EN LUCHA	Marta Breen y Jinny Jordan
FUN HOME: UNA FAMILIA TRAGICÓMICA	Alison Bechdel

*Para o alumnado (Lingua galega)*

22 SEGUNDOS	Eva Mejuto
FÓRA DO NORMAL	María Reimóndez
DX	Eli Ríos
A SEMELLANZA	María X Queizán
SANGUE 12	María Cristina Pavón
BEN QUERIDA CATÁSTROFE	Teresa Moure
TODO ISTO CHE DAREI	Dolores Redondo
TRANSMATRIA	Daniel Asorey
AS FAUCES FEROCES	Ramsés Pedreira

*Para o profesorado*

TRANSEDUCAR. ARTE, DOCENCIA Y DERECHOS LGBT	Ricard Huerta
ESCUELAS LIBRES DE VIOLENCIAS MACHISTAS	Kika Fumero, Marian Moreno, Carmen Ruiz

***Actividades para a igualdade desenvolvidas desde a Biblioteca:***

**Recuncho de Feminismo e recuncho de Diversidade:**

Creáronse dous espazos diferenciados dentro da biblioteca con exemplares feministas e diversos. Estes espazos irán rotando os libros segundo cheguen novidades relacionadas coas temáticas que ocupan.

**Club de lectura feminista:**

Ademais dos clubs que xa estaban formados no centro, este curso crease un novo club integrado por profesorado e persoal non docente do centro, no que elixen as obras con perspectiva de xénero. Até marzo, as lecturas escollidas foron as seguintes:

- 1) Invisibles. Montse Fajardo
- 2) Senlleiras. Antía Yáñez
- 3) La madre de Frankenstein: Almudena Grandes

## 10- Recursos

Este Plan de Coeducación está realizándose grazas a inclusión do centro no Contrato Programa Igualdade-t, da Xunta de Galicia. Con este orzamento e outras partidas dirixidas explicitamente para traballarmos na igualdade, fomos quen de cubrir os gastos de todas as actividades desenvolvidas até o de agora.

En canto recursos persoais, o Equipo de Igualdade e Diversidade consta de 18 persoas do claustro, que colaboran activamente en todas as actividades. Contamos con dúas persoas coordinadoras, unha que coordina o equipo e outra que coordina o Plan de Coeducación. Contamos co apoio do equipo directivo do centro desde o primeiro momento, coa inclusión de dúas integrantes de dirección dentro do Equipo de Igualdade.

Resaltar neste punto que como equipo de Igualdade nutrímonos coa participación no noso programa de distintos axentes sociais e culturais do goberno local, así como de colaboracións puntuais con diversas empresas privadas por medio de contratos.

Cabe destacar neste apartado que o Grupo de Apoio LGBT consta dunha aula propia onde se desenvolven as reunións e as actividades específicas para este colectivo.

Entendemos que todos os recursos son poucos para defender a igualdade dentro do centro, e por isto mesmo seguiremos loitando para contar con máis presuposto. e máis materiais e recursos nos vindeiros anos.

## 11- Metodoloxía

Neste apartado recóllese polo miúdo a organización do equipo de Igualdade e Diversidade, así como as responsabilidades que adoptamos como equipo e as razóns polas que son necesarias estas responsabilidades.

Como xa se explicou en puntos anteriores, o equipo está formado por 18 persoas do claustro, no que se inclúen dúas persoas coordinadoras. O equipo fai reunións periódicas os xoves, cunha duración aproximada dunha hora. Nestas reunións primeiro faise un resumo das decisións tomadas na reunión anterior, despois hai unha rolda de propostas que se debaten e se aproban por todo o equipo, e por último unha nova rolda de intervencións sobre problemáticas asociadas á igualdade no centro.

Ademais destas reunións con todo o equipo, e xusto despois de que rematen estas, algunhas persoas do equipo temos unha nova reunión para abordar as propostas específicas do noso Grupo de Apoio LGBT.

Nalgunhas accións concretas co alumnado, nas reunións non está presente todo o profesorado do equipo, senón aquelas persoas que estean máis formadas para atender a estas demandas. Así, ao longo do curso tivemos que mediar en distintas situacións relacionadas coa Igualdade e a Diversidade no centro.

Un dous puntos a concretar nas reunións de todo o equipo é o de temporalizar o presente Plan de Coeducación do centro. Acordouse nunha das primeiras reunión que o redactase a Coordinadora, e que ao rematar esta tarefa, estivese aberto para completarse nos puntos que o equipo crese necesaria unha remodelación.

Poñer de manifesto neste punto que estamos dando os primeiros pasos na planificación do equipo e na redacción deste proxecto, que pretende ser ambicioso e traballar para acadar unha igualdade real e non so formal neste centro, e que por iso mesmo este plan será revisado e avaliado e ampliado curso a curso.

Destacar tamén neste apartado a estreita colaboración que ten o centro con distintos axentes da administración local, cos que desenvolvemos moitas accións conxuntas a prol da igualdade. Por exemplo, a directora do CIM de Bueu ten participado e colaborado activamente en moitas actividades do centro.

## 12- Temporalización

A continuación expone unha táboa resumo da temporalización do Plan de Coeducación. Como xa se comentou en puntos anteriores do documento, ao ser este un proxecto vivo e cambiante, as datas e os tempos de acción poden modificarse adaptándonos a novas casuísticas.

A aprobación do plan constitúe un avance necesario para seguir no camiño dun centro que se entenda como feminista, e aporta unha ferramenta fundamental para o traballo en igualdade, xa que recolle todas as accións, propostas de mellora neste eido e reflexión do equipo para avanzarmos en igualdade.

## Temporalización do Plan de Coeducación

Proposta inicial e designación da persoa Coordinadora	OUTUBRO 2019
Deseño do Plan e aprobación desde deseño	NOVEMBRO 2019
Redacción do Plan pola persoa coordinadora e revisión por parte do equipo de Igualdade	ABRIL 2020
Aprobación do Plan por parte do equipo directivo	XUÑO 2020
Avaliación final do Plan, revisión para o seguinte curso	SETEMBRO-OUTUBRO 2020

## 13- Avaliación

Entendendo este plan como unha programación máis do centro, haberá que sometelo a unha continua avaliación con intención de mellora. Nesta avaliación o que se pretende é reflectir os puntos fortes e os puntos débiles do noso plan.

Esta avaliación contará cunha serie de elementos que axudarán a tirar conclusións: observación directa, cuestionarios inicial e final, recollida de datos en canto a participación e outros parámetros. Para avaliar este plan usaremos a ferramenta DAFO.

### DEBILIDADES

### AMEAZAS

<b>Non existe reparto das tarefas</b> <b>Falta de presuposto</b>	Inexperiencia, falta de formación Carga de traballo excesiva
<b>Éxito nas actividades realizadas</b> <b>Boa acollida entre o alumnado e familias</b>	Interese crecente en todos os ámbitos do centro Equipo unido e colaborador

### FORTALEZAS

### OPORTUNIDADES

## 14-CONCLUSIONES

- 1- A experiencia inicial de proxectar o Plan de Coeducación do centro foi moi satisfactorio, non so pola ilusión de darmos o primeiro paso para construír un centro coeducativo, senón tamén pola implicación das compañeiras no proxecto.
- 2- A meirande parte das actividades planificadas e levadas a remate neste curso contaron con grande aceptación por parte do alumnado, e puideron desenvolverse con total normalidade, e cando non foi así, foron factores externos á propia acción os que xeraron situacións non positivas.
- 3- É unha demanda colectiva do alumnado seguir esta liña de actuación, para avanzarmos a nivel centro no feminismo
- 4- Nesta liña de actuación debemos pensar entón nos próximos pasos, e entre eles é seguir formándonos en Igualdade para poder ser axentes efectivos na loita contra o machismo.
- 5- Se queremos avanzar con paso firme para crearmos unha sociedade máis xusta e igualitaria, e ser como centro un bastión feminista, debemos tratar a igualdade de xeito transversal e interseccional desde todas as materias, mais tamén é de necesidade imperiosa integrar no currículo do centro as materias de temática feministas, segundo o marca o D86/2015.
- 6- Non so nas materias, como elemento transversal ou integrado como materia propia, ten que volverse violeta o instituto, senón tamén no uso de espazos e recursos.
- 7- Para todo isto, para lograr unha sociedade máis igualitaria, seguiremos loitando desde este equipo, até desterrar calquera tipo de violencia exercida por cuestións de xénero, orientación ou identidade de calquera persoa do IES Johan Carballeira.

## 15-Glosario e anexo

A continuación recóllese un glosario de termos recollidos no manual: *Guía para unha linguaxe non discriminatoria (CIG, 2006)*

### TERMOS RELACIONADOS COAS ACTITUDES SEXISTAS:

**ANDROCENTRISMO.** Enfoque ou visión, desde o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida do mundo e das cousas, ocultando e facendo invisíbel todo o demais, entre elas as achegas e contribuíos das mulleres á sociedade. Una visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería a universal, a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.

**ACCIÓN POSITIVA.** Estratexias dirixidas a un grupo social determinado destinadas a establecer a igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais, ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

**ACOSO SEXUAL.** Comprende todo comportamento sexual verbal ou físico, non desexado pola persoa acosada, levado a cabo en distintos espazos da vida cotiá, aproveitándose dunha situación de superioridade ou compañeirismo e que repercute nas condicións do medio facéndoas hostís, intimidatorias e humillantes. O acoso sexual é unha expresión máis das relacións de poder que exercen os homes sobre as mulleres.

**ANÁLISE DE XÉNERO.** Estudo das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso aos recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións, etc., entre homes e mulleres, debidas aos roles que tradicionalmente lles asignaron.

**COEDUCACIÓN.** Tamén chamada educación en igualdade, vén a ser unha educación centrada nas alumnas e nos alumnos considerando a ambos os grupos en igualdade de dereitos e oportunidades. É un método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta asentando as bases no recoñecemento das potencialidades e individualidades de rapaces e rapazas, independentemente do seu sexo.

**DISCRIMINACIÓN DIRECTA.** Situación na que se trata a unha persoa (en razón do seu sexo) dun xeito desfavorábel.



**DISCRIMINACIÓN INDIRECTA.** Situación en que unha lei, política ou acción aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

**DISCRIMINACIÓN POSITIVA.** Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e prever unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

**EMPODERAMENTO.** Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión implica tamén outra dimensión: a toma de consciencia do poder que individual e colectivamente posúen as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas.

**EQUIDADE.** Igualdade no trato. Equivalencia en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

**ESTEREOTIPOS.** Representacións xeneralizadas e culturalmente aceptadas sobre as funcións sociais e os comportamentos que homes e mulleres deben amosar.

**ESPAZO DOMÉSTICO.** Identifícase co espazo tradicional das mulleres, un ámbito reprodutivo, un espazo de inactividade produtiva, no cal se leva a cabo a crianza dos fillos e fillas, os afectos e o coidado das persoas dependentes.

**ESPAZO PRIVADO.** Refírese ao espazo propio das persoas, o tempo de lecer afastado do espazo doméstico e do público. A privacidade é unha parcela da que desfrutan principalmente os homes, e no caso das mulleres tradicionalmente tende a confundirse co doméstico, roubándolles ese espazo para si.

**ESPAZO PÚBLICO.** Identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica. É o lugar onde se colocaron tradicionalmente os homes.

**FEMINIZACIÓN DA POBREZA.** Tendencia ao aumento da incidencia e prevalecía da pobreza entre as mulleres. recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria

**IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.** Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social. **PARIDADE.** Representación equitativa de homes e de mulleres en todos os ámbitos sociais, fundamentalmente nos políticos.

**POLÍTICAS DE IGUALDADE.** Marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

**SEGREGACIÓN HORIZONTAL.** Concentración de mulleres e de homes en sectores e empregos específicos.

SEGREGACIÓN VERTICAL. Concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos de postos ou responsabilidades.

SEXISMO. Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación do colectivo feminino ao masculino

SEXO - XÉNERO. O xénero representa as diferenzas sociais por oposición ás biolóxicas entre mulleres e homes (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

TEITO DE CRISTAL. Barreira invisíbel resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino, que impide as mulleres accederen a postos destacados socialmente.

TRANSVERSALIDADE. Incorporación do principio de igualdade de oportunidades a todo tipo de proxectos públicos ou privados nos diferentes ámbitos: educativo, económico, cultural, político, social...

ANEXO:

Enquisa para o alumnado curso 2019/2020

ENQUISA ALUMNADO

1- Cal é o teu sexo?

- MULLER
- HOME
- INTERSEXUAL

2- Cal é o teu xénero sentido?

- MULLER
- HOME
- NON BINARIO

3- Na túa casa, quen fai un maior número de tarefas domésticas?

- MULLERES
- HOMES

4- Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico? *Exemplo: todas ao recreo (para alumnos y alumnas)*

- SI
- NON

5- Cres que se debería usar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres? (*alumnado, profesoras e profesores*)

- SI
- NON

6- Usa o profesorado unha linguaxe non sexista?

- SI
- NON

7- Consideras sexista a campaña de xoguetes de Nadal ou outras campañas publicitarias?

- SI
- NON

8- Cres que os estereotipos de xénero son daniños?

- SI
- NON

9- Como definirías o feminismo?

- O contrario do machismo
- Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres

10- Es feminista?

- SI
- NON

11- Que opinión che merecen os piropos por parte de alguén que non coñeces?

- AGRÁDANME
- DESAGRÁDANME
- RESÚLTANME INDIFERENTES

12- Das seguintes cuestións, consideras que é violencia machista

- Cuestionar a valía e capacidade da parella
- Enfadarse se non lle gusta como vai vestida a parella
- Dar golpes a obxectos cando se enfada
- Pedir o móbil para saber con quen se comunica
- Insultar
- Pegar
- Deixar de facer algo poque o pide a parella, como un sinal de amor
- Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento

13- Sabes o que é o colectivo LGBTI?

- SI
- NON

14- Pertences ao colectivo LGBTI?

- SI
- NON

15- Coñeces casos onde a orientación ou a identidade sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?

- SI
- NON

16- Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?

- INTERVIRÍAS
- BUSCARÍAS AXUDA (PROFESORADO, ALUMNADO MEDIADOR...)
- NON FARÍA NADA PORQUE NON É O MEU PROBLEMA

17- Consideras que a pornografía é violencia machista?

- SI
- NON

18- Pensas que a pornografía marca os roles sexuais actuáis?

- SI
- NON

Leonor Gala Torres Sabín.

Coordinadora do Plan de Igualdade

IES Johan Carballeira

Bueu, Abril 2020

VISTO E PRACE

M<sup>a</sup> Asunción Soñora Abuín

Directora do IES Johan Carballeira

